# TALLERES DE LECER 2026

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 7 ao 31 de xullo de 2026

COORDINACIÓN: Virginia Villar



*CREAR CUN CHISME*
## TALLER DE PLÁSTICA

Datas: do 7 ao 10 de xullo
Horario: de 9:00 a 14:00 h
Dirixido a nenos e nenas de 4 a 6 anos
Prazas: 15
Imparte: Sofía Mediero
Prazo de inscrición: do 28 de maio ao 3 de xullo

Ao longo de catro días e, a partir da exposición *Misha Bies Golas*, converteremos o museo nun laboratorio de probas no que provocaremos a metamorfose de obxectos cotiáns en pezas artísticas. Buscaremos asociacións inesperadas e recorreremos ao humor, á imaxinación, ao azar, ao absurdo e a recursos creativos como acumular, agrupar, expandir, concentrar, suspender, dividir ou repetir para levar a cabo o deseño de pequenas instalacións.

A pintura, a ensamblaxe, a colaxe e a creatividade serán as ferramentas principais deste obradoiro cheo de propostas prácticas nas que os e as participantes poderán investigar, mover, combinar e explorar materiais e elementos comúns, sacándoos do seu contexto e afastándoos da súa función habitual para poñelos en diálogo con diversos espazos do museo. Un convite para descubrir que as cousas non sempre son o que parecen e que, ás veces, as ideas máis simples poden dar lugar ás creacións máis sorprendentes.

*CREAR CON UN CACHIVACHE*
## TALLER DE PLÁSTICA

Fechas: del 7 al 10 de julio
Horario: de 9:00 a 14:00 h
Dirigido a niños y niñas de 4 a 6 años
Plazas: 15
Imparte: Sofía Mediero
Plazo de inscripción: del 28 de mayo al 3 de julio

A lo largo de cuatro días y tomando como punto de partida la exposición *Misha Bies Golas*, convertiremos el museo en un laboratorio de experimentación en el que provocaremos la metamorfosis de objetos cotidianos en piezas artísticas. Buscaremos asociaciones inesperadas y recurriremos al humor, la imaginación, el azar, el absurdo y a recursos creativos como acumular, agrupar, expandir, concentrar, suspender, dividir o repetir para diseñar pequeñas instalaciones.

La pintura, el ensamblaje, el *collage* y la creatividad serán las herramientas principales de este taller lleno de propuestas prácticas en las que los y las participantes podrán investigar, mover, combinar y explorar materiales y elementos comunes, sacándolos de su contexto y alejándolos de su función habitual para ponerlos en diálogo con distintos espacios del museo. Una invitación a descubrir que las cosas no siempre son lo que parecen y que, a veces, las ideas más simples pueden dar lugar a las creaciones más sorprendentes.

*SOMBRA AQUÍ E SOMBRA ALÁ*
## TALLER DE PLÁSTICA

Datas: do 14 ao 17 de xullo
Horario: de 9:00 a 14:00 h
Dirixido a nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazas: 20
Imparte: Lucía Amoedo
Prazo de inscrición: do 28 de maio ao 10 de xullo

Neste taller, exploraremos as exposicións *Rumor*, de Alexandra Ranner, *Misha Bies Golas* e *Illa ignorada. Colección CGAC*, para descubrir a mestura de materiais, formatos, ideas e perspectivas que conviven no museo. Tras coñecer moitas das obras de arte que comparten casa e que se comunican entre elas, traballaremos con algunhas das súas ideas chave para a nosa propia creación.

Escolleremos a nosa obra favorita para reimaxinala; achegarémonos á escrita creativa, aos poemas visuais e ás colaxes planas e tridimensionais; investigaremos a idea de casa e fogar, e

*SOMBRA AQUÍ Y SOMBRA ALLÁ*
## TALLER DE ARTES PLÁSTICAS

Fechas: del 14 al 17 de julio
Horario: de 9:00 a 14:00 h
Dirigido a niños y niñas de 7 a 9 años
Plazas: 20
Imparte: Lucía Amoedo
Plazo de inscripción: del 28 de mayo al 10 de julio

En este taller exploraremos las exposiciones *Rumor*, de *Alexandra Ranner*, *Misha Bies Golas* e *Isla ignorada. Colección CGAC*, para descubrir la mezcla de materiales, formatos, ideas y perspectivas que conviven en el museo. Después de conocer muchas de las obras de arte que comparten espacio y dialogan entre sí, trabajaremos con algunas de sus ideas clave para nuestra propia creación.

Elegiremos nuestra obra favorita para reimaginarla; nos acercaremos a la escritura creativa, a los poemas visuales y a los *collages* planos y tridimensionales; investigaremos la idea de casa y

construiremos un universo de sombras, tanto no interior do museo coma na natureza, a partir da experimentación coa escuridade, a luz, a cor, o espello e a maxia do ultravioleta.

## *ISTO NON É UN OBXECTO*
## TALLER MULTIXERACIONAL DE FOTOGRAFÍA IMAXINATIVA

Datas: do 21 ao 24 de xullo
Horario: de 11:00 a 13:00 h
Dirixido a nenos e nenas a partir de 10 anos e a persoas aldultas
Prazas: 15
Imparte: Xaime Fandiño
Prazo de inscrición: do 28 de maio ao 17 de xullo

Neste obradoiro aprenderemos a manipular, intervir e modificar obxectos comúns para que cobren unha nova dimensión no eido da fotografía. Prepararemos un estudio con flashes, difusores, reflectores, xelatinas de cor... e construiremos un set fotográfico.

Crearemos pequenas esculturas con elementos que traiamos de casa e fotografarémolos en clave escultórica para achegarnos á fotografía de produto.

Abordaremos o retrato, a identidade e a máscara e, na última sesión, faremos un pequeno guión e un *stop motion* coas nosas creacións.

## *MODO AVIÓN*
## TALLER DE FOTOGRAFÍA CON DISPOSITIVOS NON CONVENCIONAIS

Datas: do 28 ao 31 de xullo
Horario: de 11:00 a 13:00 h
Dirixido a persoas adultas
Prazas: 20
Imparte: Xaime Fandiño
Prazo de inscrición: do 28 de maio ao 24 de xullo

Neste taller aproximarémonos á historia da produción de imaxes sen cámara. Iniciaremos o percorrido polas técnicas de imprimación directa e avanzaremos cara á creación contemporánea e cara ás novas formas de construción e circulación da imaxe (apropiación, arquivo e *found footage*), entendendo a creación fotográfica como un proceso no que interveñen tanto os dispositivos coma a construción cultural e os novos contextos dixitais.

Traballaremos con dispositivos de captura non convencionais, como os escáneres, as cámaras de vixilancia, as cámaras web, Google Street View ou as capturas de pantalla, para desenvolver, ao final do taller, unha serie de imaxes propias que difundiremos en espazos virtuais pouco habituais nos contextos artísticos.

## INSCRICIÓN

Todos os talleres son de balde. As solicitudes de inscrición poderán presentarse mediante unha mensaxe electrónica dirixida a inscricionscgac@gmail.com e deberán incluír os seguintes datos: o nome completo e a idade das persoas participantes, un número de teléfono e un enderezo electrónico de contacto e, por último, o título do taller no que desexan inscribirse.

No caso dos talleres dirixidos a menores de idade, deberá indicarse tamén o nome e o número de DNI da persoa ou persoas autorizadas para a súa recollida no CGAC unha vez finalizada a actividade.

hogar, y construiremos un universo de sombras, tanto en el interior del museo como en la naturaleza, a partir de la experimentación con la oscuridad, la luz, el color, el espejo y la magia de la luz ultravioleta.

## *ESTO NO ES UN OBJETO*
## TALLER MULTIGENERACIONAL DE FOTOGRAFÍA IMAGINATIVA

Fechas: del 21 al 24 de julio
Horario: de 11:00 a 13:00 h
Dirigido a niños y niñas a partir de 10 años y a personas adultas
Plazas: 15
Imparte: Xaime Fandiño
Plazo de inscripción: del 28 de mayo al 17 de julio

En este taller aprenderemos a manipular, intervenir y modificar objetos comunes para que adquieran una nueva dimensión en el ámbito de la fotografía. Prepararemos un estudio con *flashes*, difusores, reflectores, gelatinas de color... y construiremos un set fotográfico.

Crearemos pequeñas esculturas con elementos traídos de casa y las fotografiaremos en clave escultórica para acercarnos a la fotografía de producto.

Abordaremos el retrato, la identidad y la máscara y, en la última sesión, realizaremos un pequeño guion y un *stop motion* con nuestras creaciones.

## *MODO AVIÓN*
## TALLER DE FOTOGRAFÍA CON DISPOSITIVOS NO CONVENCIONALES

Fechas: del 28 al 31 de julio
Horario: de 11:00 a 13:00 h
Dirigido a personas adultas
Plazas: 20
Imparte: Xaime Fandiño
Plazo de inscripción: del 28 de mayo al 24 de julio

En este taller nos aproximaremos a la historia de la producción de imágenes sin cámara. Iniciaremos el recorrido por las técnicas de imprimación directa y avanzaremos hacia la creación contemporánea y las nuevas formas de construcción y circulación de la imagen (apropiación, archivo y *found footage*), entendiendo la creación fotográfica como un proceso en el que intervienen tanto los dispositivos como la construcción cultural y los nuevos contextos digitales.

Trabajaremos con dispositivos de captura no convencionales, como escáneres, cámaras de vigilancia, cámaras web, Google Street View o capturas de pantalla, para desarrollar al final del taller una serie de imágenes propias que difundiremos en espacios virtuales poco habituales en los contextos artísticos.

## INSCRIPCIÓN

Todos los talleres son gratuitos. Las solicitudes de inscripción podrán presentarse mediante un correo electrónico dirigido a inscricionscgac@gmail.com y deberán incluir los siguientes datos: nombre completo y edad de las personas participantes, un número de teléfono y una dirección de correo electrónico de contacto y, por último, el título del taller en el que desean inscribirse.

En el caso de los talleres dirigidos a menores de edad, deberá indicarse también el nombre y el número de DNI de la persona o personas autorizadas para su recogida en el CGAC una vez finalizada la actividad.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

Xacobeo 2027